

## AUTORIZACIÓN USO DA IMAXE

Ao abeiro da Lei 3/1997 galega da familia, da infancia e a adolescencia (que no seu artigo 8.1 establece, entre outras cousas, a prohibición da "[...] difusión de información ou utilización de imaxes ou nomes dos nenos ou das nenas nos medios de comunicación que poidan implicar unha intromisión ilexítima na súa intimidade, honra ou reputación, ou que sexa contraria aos seus intereses [...]") e da Lei Orgánica 15/1999 de Protección de datos de carácter persoal (que ven a reafirmar o xa dito e ademais no seu artigo 11 promulga que os responsables do "[...] tratamento dos datos de carácter persoal están obrigados ao segredo profesional respecto dos mesmos e ao deber de gardalos, obrigas que subsistirán aínda despois de finalizar as súas relacións co titular [...]") o C.E.I.P. Santa Baia está impelido a non empregar nin fotografías, vídeos ou calquera dato persoal do alumnado de ningún xeito, salvo para o uso administrativo para o que foron solicitados.

Por todo o anterior, e como marca o artigo 6 da Lei Orgánica de Protección de datos de carácter persoal, o colexio necesita dunha autorización asinada polo pai, nai ou titor/a para o emprego dos datos anteriormente nomeados en actividades propias do Centro e da actividade educativa como poden ser: a publicación de fotografías, CDs, DVDs e/ou vídeos das actividades académicas realizadas na páxina web do Centro, a publicación de fotografías e/ou nomes de alumnos/as no xornal escolar ou a elaboración de listaxes cos nomes do alumnado para a participación en programas educativos, concursos, actividades extraescolares...

A continuación amosamos unha autorización que debe entregar debidamente cumprimentada e asinada.

|   |               |
|---|---------------|
| D/D <sup>a</sup> (nome completo sen iniciais) | D.N.I./N.I.F. |
| Pai/Nai/Titor/Titora do alumno/a:             | Curso:        |

|                                       |   |
|---------------------------------------|---|
| <input type="checkbox"/> NON AUTORIZO | EXPLÍCITAMENTE ao C.E.I.P. Santa Baia ao emprego da imaxe e dos datos persoais do meu fillo/filla/titorando nas diferentes actividades educativas e publicacións desenvoltas no Centro, así como en certames, concursos, proxectos educativos... nos que o Centro participe, accións nas que sempre se manterá un estricto carácter educativo sen ánimo de lucro persoal. |
| <input type="checkbox"/> SI AUTORIZO  |   |

Así mesmo, dou o meu consentimento para que dada a índole e obxecto dos usos anteriores a súa imaxe poida ser cedida a terceiros, sempre que dita cesión se axuste aos requisitos antes mencionados.

Boiro, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

Asdo: \_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_

### **NOTA:**

1. Esta autorización poderá ser revogada en calquera momento cunha solicitude no centro educativo.